





Un día en
MELIDE
durou máis de 24 horas

festa do
melindre

A festa
máis doce
de Galicia



MELIDE

É percorrida por dous dos Camiños a Santiago máis importantes, o Primitivo, a ruta de peregrinación máis antiga e o Francés, o máis famoso. Séculos acollendo a peregrinos, e se cadra é por isto que Melide ofrece o mellor de si mesma a todos os que queiran visitala. No cerne de Galicia poderás desfrutar da hospitalidade e bo facer deste pobo.

1. Capela de San Roque e Cruceiro.
2. Igrexa Sancti Spiritus.
3. Museo Terra de Melide.
4. Obra Pía de San Antón.
5. Capela de Carme.

MAÑÁN




TARDE



Un paseo por la naturaleza:

Unha boa forma de comezar o día por Melide é cun bo paseo, e se este é polo Camiño Francés, idifícil supéralo!





Comezamos en **Leboreiro**, donde nos recibe a súa fermosa igrexa de estilo gótico e o chamativo cabazo que aínda se conserva, e que serve para gardar o millo.



Se nos achegamos ata a **Igrexa de San Xoán**, no seu interior atoparemos unha imaxe de Cristo na cruz que conta coa singularidade de estar parcialmente desencravado.



Xa en terras de **Melide**, é imprescindible a visita á capela de San Roque, sin esquecernos de facer unha parada no cruceiro, considerado dos máis antigos de Galicia.



Outro tesouro co que contan estas terras, é a igrexa de **Sancti Spiritus**, único resto do desaparecido mosteiro. Esta, conta cun magnífico retablo de estilo barroco obra de Francisco de Castro Canseco no seu interior.

Sen saír da praza do Convento, podemos coñecer a **Obra Pía de San Antón** e o **Museo de Terra de Melide**, que recolle materiais neolíticos, castrexos e romanos, ademáis de elementos etnográficos da contorna.

MELIDE, CERNE DE GALICIA



Chegados a este punto, é imprescindible facer un alto no camiño e disfrutar da gastronomía melidá.

O polbo é o rei das cociñas, preparado con gran maestría nesta terra.



Postre típico: melindres, amendoados e ricos

Despois de disfrutar do polvo, como a ninguén lle amarga un doce, ítemos tres para elixir! Os melindres, os amendoados e os ricos son elaborados nos fornos melidenses a diario coas mellores materias primas.



Porén, se o preferimos, podemos tomarnos un merecido descanso e disfrutar das instalación da área recreativa de Furelos, onde podemos refrescarnos e divertirnos nas súas instalacións.



Se nos sentimos con folgos podemos continuar a ruta ata chegar á igrexa **Santa María de Melide**. Esta xoia do románico, foi declarada Monumento Nacional. Conta con pinturas do século XVI e aínda conserva o seu altar románico.



NOITE

Cos folgos renovados, itoca gozar da noite melidense!

Relax e o mellor ambiente nocturno:

A zona de viños, ubicada no casco antigo, abre a primeira hora para comezar a festa que podemos continuar nos pubs e discotecas da zona nova.



Natureza, patrimonio, gastronomía, ocio, lecer... serás quen de quedar un só día en Melide?